



CONCELLO DE BEADE

P32011001

Rúa Caudillo, s/n 32431 - BEADE

Tel.: 988480034. Fax: 988480075. Correo Electrónico: info@beade.es

ACTA DA SESION ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE BEADE, CELEBRADA O DIA 20 DE AGOSTO DE 2024.

No Salón de Sesiões da Casa do Concello de Beade, sendo as nove horas do día vinte de agosto de dous mil vinte e catro, baixo a Presidencia de D. FERNANDO TABOADA GUNTÍN, reúnen-se en sesión pública os señores membros da Xunta de Goberno Local, que de seguido se citan, para celebrar sesión de carácter ordinario. Os membros asistentes son os seguintes:

D^a. GABRIELA PÉREZ COSTA.
D. MANUEL FORMIGO DE LA FUENTE.

Os presentes están asistidos polo Secretario- Interventor Titular do Concello, D. PABLO FERNANDEZ LOUREIRO.

Pásase a continuación a trata-los asuntos incluídos na Orde do Día, que resultan ser:

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN CELEBRADA CON DATA 2 DE XULLO DE 2024.- Os membros da Xunta de Goberno Local, por UNANIMIDADE, aproban a Acta da sesión do 2 de xullo de 2024.

2.- APROBACIÓN MEMORIA OBRA MODIFICACIÓN PLAN PROVINCIAL DEPUTACIÓN 2024.- Unha vez aprobado pola Xunta de Goberno da Deputación Provincial a modificación ao Plan Provincial de obras e servizos municipais 2024 deste concello, os membros da Xunta de Goberno Local, por UNANIMIDADE, adoptan o seguinte acordo:

- Aprobar a memoria valorada da actuación “REPARACIÓN DE MURO EN AS REGADAS”, cun orzamento de 2.975,00,
- Facer constar que as obras non incorren en alteración ou fraccionamento do obxecto do contrato co fin de eludir as normas xerais de contratación e que constitúen unha obra completa susceptible de ser entregada ao uso xeral ou ao servizo correspondente.
- Manifestar que existe dispoñibilidade de terreos necesarios para levar a cabo as actuacións.
- Que as obras son conformes coa legalidade urbanística e sectorial de aplicación e que o concello dispón de todas as autorizacións necesarias para a súa execución.

3.- FESTAS LOCAIS 2025.- Dase conta da comunicación da Dirección Territorial de Ourense da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración da Xunta de Galicia, onde se establece o calendario laboral para o ano 2025 da Comunidade Autónoma de Galicia, debendo este Concello establecer os días para Festas Locais, inhábiles, retribuídos e non recuperables.



CONCELLO DE BEADE

P3201100I

Rúa Caudillo, s/n 32431 - BEADE

Telf.: 988480034. Fax: 988480075. Correo Electrónico: info@beade.es

Os membros da Xunta de Goberno Local, por UNANIMIDADE, adoptan o seguinte acordo:

a) Establecer como días para festas locais do municipio de Beade para o ano 2025 o 3 de febrero, San Blas, e o 2 de xullo, Santa Isabel.

4.- LICENCIAS DE OBRA.- Examinadas as peticións sobre licencias urbanísticas, por UNANIMIDADE, acórdase conceder licencias de execución de obras, salvo o dereito de propiedade e sen perxuízo de terceiro, os seguintes señores, advirtíndolles que a mesma non producirá efectos sin o previo pago do Imposto liquidado por Intervención e, asimismo, que a licenza quedará sin efecto, de non cumprirse as condicións fixadas.

AUTORIZAR a D. ARTURO REGUEIRO CACHEIRO, en representación da empresa CARPINTERÍA DE RIBADAVIA SL., CIF: B32372070, domicilio social en Rúa Caudillo, de Beade, salvo o dereito de propiedade e sen perxuízo de terceiro, para que, en inmovible sito na Estrada OU 504, P.Q. 3,8, de Beade, e conforme á petición formulada, poda proceder a realizar **enganche á rede de abastecemento de auga**, e de acordo co Informe emitido polo Técnico Municipal de Obras.

A presente licenza non terá validez de non acompañarse do xustificante de pago da Taxa:

*** Taxa conexión á rede de abastecemento400,00 €**

AUTORIZAR a D^a. EVA PAZ SÁNCHEZ, con domicilio en Rúa Galluda (Beade), salvo o dereito de propiedade e sen perxuízo de terceiro, para que, en inmovible sito en Rúa Galluda, ref. catastral 1868511NG7816N0001HM, e conforme á petición formulada, poda proceder a realizar obras de retellado, e de acordo co Informe emitido polo Arquitecto Municipal.

A presente licenza non terá validez de non acompañarse do xustificante de pago do Imposto de Construcións, cuxa liquidación ascende ao seguinte importe:

*** 2% sobre presuposto de execución de 1.500,00 €..... 30,00 €.**

AUTORIZAR a D^a. EVA PAZ SÁNCHEZ, con domicilio en Rúa Galluda (Beade), salvo o dereito de propiedade e sen perxuízo de terceiro, para que, en inmovible sito en Rúa Galluda, ref. catastral 1868511NG7816N0001UM, e conforme á petición formulada, poda proceder a realizar obras de reparación de cumen de tellado, e de acordo co Informe emitido polo Arquitecto Municipal.

A presente licenza non terá validez de non acompañarse do xustificante de pago do Imposto de Construcións, cuxa liquidación ascende ao seguinte importe:

*** 2% sobre presuposto de execución de 1.800,00 €..... 36,00 €.**



CONCELLO DE BEADE

P32011OOI

Rúa Caudillo, s/n 32431 - BEADE

Tel.: 988480034. Fax: 988480075. Correo Electrónico: info@beade.es

AUTORIZAR a D. EMILIO MANUEL PÉREZ VAREALA, EN REPRESENTACIÓN DE D^a. MARÍA LUISA GUNTÍN BAQUEIRO, con domicilio en Rúa Picota (Beades), salvo o dereito de propiedade e sen perxuízo de terceiro, para que, en inmovible sito en Rúa Picota, e conforme á petición formulada, poda proceder a realizar obras de substitución de tellas rotas, e de acordo co Informe emitido polo Arquitecto Municipal.

A presente licenzia non terá validez de non acompañarse do xustificante de pago do Imposto de Construcións, cuxa liquidación ascende ao seguinte importe:

* 2% sobre presuposto de execución de 1.500,00 €..... 30,00 €.

AUTORIZAR a D^a. PURIFICACIÓN VÁZQUEZ REY, con domicilio en Rúa Caudillo (Beades), salvo o dereito de propiedade e sen perxuízo de terceiro, para que, en inmovible sito en Rúa Caudillo, ref. catastral 2069502NG7826N0001ZR, e conforme á petición formulada, poda proceder a realizar obras de reparación de cumen de tellado, e de acordo co Informe emitido polo Arquitecto Municipal.

A presente licenzia non terá validez de non acompañarse do xustificante de pago do Imposto de Construcións, cuxa liquidación ascende ao seguinte importe:

* 2% sobre presuposto de execución de 2.000,00 €..... 40,00 €.

AUTORIZAR a D^a. CONCEPCIÓN GUEDES LOSADA, con domicilio en Rúa Caudillo (Beades), salvo o dereito de propiedade e sen perxuízo de terceiro, para que, en inmovible sito en Rúa Caudillo, ref. catastral 2365905NG7826N0001BR, e conforme á petición formulada, poda proceder a realizar obras de retellado e colocación de canalón, e de acordo co Informe emitido polo Arquitecto Municipal.

A presente licenzia non terá validez de non acompañarse do xustificante de pago do Imposto de Construcións, cuxa liquidación ascende ao seguinte importe:

* 2% sobre presuposto de execución de 700,00 €..... 14,00 €.

E non habendo máis asuntos dos que tratar, o Sr. Alcalde levantou a xuntanza, sendo as nove horas e dez minutos minutos, de todo o que, como Secretario, dou fe.

O ALCALDE,

O SECRETARIO,

Asdo. Fernando Taboada Guntín.

Asdo. Pablo Fernández Loureiro